

---

## PAUTAS PARA A ELABORACIÓN DA MEMORIA DE PRÁCTICAS

### GRAO EN XEOGRAFÍA E HISTORIA

#### 1. OBXECTIVO

O obxectivo desta memoria é o de reflectir o achegamento tanto da entidade colaboradora ao perfil do estudante de grao como deste ao ámbito laboral:

- Aplicación dos coñecementos e competencias adquiridos durante o grao.
- Demostración de coñecementos e competencias adquiridos durante o exercicio das prácticas, como son:
  - Capacitación adquirida para a solución de problemas nun contexto determinado.
  - Capacitación para colaborar en equipos con perfís profesionais e recursos diversos.
  - Adquisición de competencias de rigor, espírito crítico, xestión de recursos...

#### 2. RECOMENDACIÓNS XERAIS

##### 2.1. Exixencias éticas

É recomendable facer figurar na memoria un agradecemento expreso á institución de acollida e ao titor ou titora na mesma. É obrigatorio facilitar á devandita institución unha copia da memoria.

É imprescindible que os datos obtidos no exercizo das prácticas e utilizados na memoria ou noutros traballos derivados delas, respecten as exixencias de propiedade intelectual:

- O emprego de calquera dato estatístico, documental, gráfico, fotográfico, etc. debe contar co coñecemento e consentimento da entidade colaboradora.
- Debe respectarse o imperativo de confidencialidade entre as partes implicadas se así o demandase a entidade colaboradora.
- Os datos reflectidos deben mencionar expresamente a fonte de procedencia.

## 2.2. Recomendacións formais

Na primeira páxina deben aparecer os datos que figuran na seguinte táboa:

DATOS A INCLUIR EN PRIMEIRA PÁXINA	
<b>ESTUDANTE</b>	
Nome	
DNI	
Enderezo	
Teléfono	
Correo electrónico	
Titulación académica	
Curso académico	
<b>CENTRO DE PRÁCTICAS</b>	
Centro	
Actividade principal do centro	
Titor/a no centro de prácticas	
Outras persoas (describindo cargos) coas que se colaborou no centro	
Horas totais de prácticas (con datas de inicio e finalización)	
Horario desenvolvido	
Título memoria de prácticas (tema de traballo realizado)	

- En relación á redacción da memoria hai que lembrar que se trata xeralmente de informes de carácter profesional, polo que a redacción debe ser clara e concisa pero favorecendo a lectura amena. A súa extensión **non debe pasar de dúas páxinas, anexos excluídos**.
- A información recollida debe sinalar de forma clara os puntos máis relevantes.
- Convén elaborar un glosario se a terminoloxía é moi específica, que aparecerá ao final da memoria.
- Figurará tamén ao final da memoria, unha lista de documentación e bibliografía empregada.

- Todos os aspectos técnico-teóricos deben ser argumentados e xustificados e a documentación anexa que reforce as argumentacións debe figurar de maneira ordenada ao final do documento.

### **3. ESTRUCTURA E CONTIDOS:**

Na portada, como xa se indicou, recolleranse todos os datos do estudante e do centro ou empresa de acollida.

- **Introdución**

Neste apartado pódense aportar máis datos acerca da institución ou empresa de acollida, como son: localización, status xurídico, datos históricos, tipo de actividade –sector, produtos ou servizos–, mercado, clientela ou destinatarios, estratexias de desenvolvemento, orixinalidade da entidade, plantilla –categorías profesionais, responsables–, esforzos eventuais en materia de integración de mozos, mulleres, discapacitados, emigrantes, protección do medio ambiente, papel das TICs...

Na introdución tamén se poden incluír os obxectivos iniciais, citando cuestións como: motivación para elixir o tema e centro de prácticas, persoas ou factores que motivaron esa elección, obxectivos antes do inicio das prácticas, competencias que se pretendían adquirir...

- **Descrición das tarefas realizadas:**

Presentación do posto ou tarefas realizadas e responsabilidades asumidas durante as prácticas. Pódense incluír aquí aspectos como: de que maneira se integrou a tarefa na actividade global da organización e como se integrou o/a estudante no organigrama, comentarios sobre o contexto, contactos humanos, medios técnicos e materiais cos que se puido contar, breve cronoloxía das distintas etapas do traballo realizado, tipo de seguimento por parte do titor/a...

- **Valoración persoal do traballo realizado.**

Neste capítulo pódense valorar cuestións como as seguintes: como se produciu a progresión na adquisición dos coñecementos e competencias, dicir se os obxectivos iniciais foron modificados como consecuencia da confrontación co traballo práctico e por que; en caso contrario, dicir a maneira concreta como se foi logrando o que estaba planificado, que coñecementos e competencias adquiridos durante o grado tivo a oportunidade de pór en práctica o/a estudante, qué novos coñecementos e competencias puido adquirir grazas ás prácticas, cales foron as dificultades atopadas, que nivel de autonomía disfrutou o/a estudante durante a execución das tarefas...

- **Conclusión**

O último apartado pode incluír aspectos como: que resultados globais destacaría de maneira moi especial e por que, que posibilidades de continuidade ou que apertura hacia novos proxectos ofrecen as prácticas realizadas, qué aplicación práctica prevé do aprendido nas prácticas de cara ao seu futuro profesional, qué dúbidas ou dificultades foron ou non superadas...

- **Fontes de consulta, anexos, ilustracións...**

- **Glosario se procede.**